


# educar en xustiza



**edita:**  
**Oficina de  
Comunicación  
do CXPX**





**Na nosa sociedade hai regras de xogo. Son as leis, que establecen os nosos dereitos e deberes e indican como debemos comportarnos cos demais. Os xuíces encárganse de resolver os nosos conflitos, de acordo con esas leis, cando non hai outra solución posible.**



## > O XUÍZ

O **xuíz** é o único con autoridade para xulgar e facer executar o xulgado; é dicir, obrigar a que se cumpra a decisión que acadou aplicando a lei.

En **España** hai máis de 5300 xuíces e máis da metade son mulleres. Resolven de modo pacífico os conflitos que se dan na sociedade. Cada ano entran nos xulgados e tribunais millóns de asuntos aos que teñen que dar unha resposta.

Ademais os xuíces **interveñen** en aspectos da nosa vida cotiá. Cásannos, divórciannos ou supervisan a correcta celebración de todas as eleccións.





## > fiscais, letrados da administración de xustiza, avogados, testemuñas e peritos

Os **fiscais** defenden a legalidade en nome da sociedade. Piden probas ao xuíz e poden acusar ou pedir a absolución no xuízo.

Os **letrados** garanten a autenticidade do que ocorre nos tribunais e velan polo cumprimento de todas as decisións dos xuíces ou tribunais.

Os **avogados** defenden os intereses do seu cliente. Cando o seu cliente

comparece como vítima ou prexudicado, son avogados da acusación.

As **testemuñas** son persoas que presenciaron o feito que se axuíza e o seu testemuño pode axudar a esclarecer a verdade.

Os **peritos** son especialistas en diferentes campos non xurídicos. Analizan e explican as causas dun feito.



## > onde traballan os xuíces?

A Administración de Xustiza estrutúrase en niveis. A decisión dun xuíz ou tribunal pode revisarse perante outro órgano superior.

Na cúspide está situado o **Tribunal Supremo**. Con sede en Madrid, ten xurisdición en todo o territorio nacional e a última palabra nos asuntos que chegan aos tribunais.

A **Audiencia Nacional**, tamén con xurisdición en toda España, encárgase de delitos como o terrorismo ou o narcotráfico, entre outros.

Os **Tribunais Superiores** de Xustiza teñen xurisdición

no ámbito territorial da Comunidade Autónoma e reciben o nome desta.

As **Audiencias Provinciais** teñen xurisdición no ámbito territorial da súa provincia. Toman o nome daquela onde teñen a súa sede.

A nivel provincial traballan tamén os **Xulgados** do Penal, do Contencioso-Administrativo, do Social, de Vixilancia Penitenciaria, de Menores e de Mercantil.

Os **partidos xudiciais** son a menor división territorial. En España hai 431 e en cada un hai como mínimo un Xulgado

de Primeira Instancia e Instrución e un Xulgado con competencia en Violencia sobre a Muller.

Nos municipios onde non hai Xulgados de Primeira Instancia están os **Xulgados de Paz**. Os xuíces de paz non son xuíces profesionais e teñen competencias moi limitadas.

# algúns asuntos que resolven os xuíces



## civil>

Cásannos,  
sepáranos e  
divórciannos

Garanten os  
dereitos dos  
menores e dos  
discapacitados

Resolven disputas  
económicas

## penal>

Castigan delitos  
como agresións  
sexuais ou roubos

Investigan os  
crimes

Perseguen a  
corrupción

## contencioso administrativo>

Ocúpanse dos  
recursos contra as  
multas

Pronúncianse sobre  
cuestións tributarias

Xulgan delitos  
urbanísticos e  
medioambientais

## social>

Pronúncianse  
sobre conflitos cos  
despedimentos

Solucionan  
problemas cos  
contratos ou a  
xornada laboral

Regulan o dereito  
de folga dos  
traballadores

## > que fan os xuíces?

### Os xuíces do Civil

resolven os conflitos entre particulares: asuntos de familia como divorcios ou custodia de menores, disputas por herdanzas ou por alugueres, demandas relacionadas cos consumidores, reclamacións contra os bancos ou de cantidades económicas de empresas ou particulares.

### Os xuíces do Penal

encárganse de castigar os delitos de todo tipo: por exemplo contra a liberdade sexual, como as violacións, ou os ataques á vida, como os asasinatos.

### Os xuíces do Contencioso-

**Administrativo** ocúpase dos preitos contra as Administracións Públicas: ocúpase por exemplo dos recursos contra as multas por infraccións de tráfico e pronúncianse sobre cuestións tributarias, urbanísticas ou ambientais.

### Os xuíces do Social

pronúncianse sobre os conflitos entre as empresas e os traballadores en cuestións como despedimentos, contratos, xornada laboral ou pensións.

# > como é un xuízo penal?



O **xuíz ou maxistrado** preside sempre o xuízo. Se o delito ten unha pena superior a cinco anos, haberá un tribunal formado por tres maxistrados. Un deles será o presidente. Este senta no centro da mesa principal da sala.

O **acusado** sitúase no centro da sala ou xunto ao seu avogado.

Toda persoa acusada dun delito ten dereito a gardar silencio porque ninguén está obrigado a declarar contra si mesmo. Todos temos dereito a un avogado. Se non podemos pagalo, proporciónannos un.

Á esquerda do tribunal sentarán o **fiscal** e o avogado da acusación particular, se a hai. Á dereita, o **avogado defensor**. Primeiro pregunta o fiscal, despois a acusación e, ao final, a defensa.

Unha vez escoitadas as testemuñas e os peritos, o tribunal escoitará os informes do fiscal e dos avogados da acusación e a defensa, e dará unha última oportunidade ao acusado para falar. É a "**quenda de última palabra**". Despois, o xuízo quedará "**visto para sentenza**".




## > o tribunal do xurado

Algúns delitos, como os homicidios ou as ameazas, son axuizados polo **Tribunal do Xurado**, que permite a participación dos cidadáns na Administración de Xustiza. En España, o xurado está formado por 9 persoas sen coñecementos de Dereito, que emiten un veredicto de culpabilidade ou non culpabilidade, e por un maxistrado que preside o tribunal e dita a sentenza. Para declarar culpable a un acusado necesítanse polo menos 7 votos dos seus 9 membros.





## > a violencia de xénero



En España hai case medio milleiro de **xulgados especializados en violencia sobre a muller**.

Para que os xuíces poidan intervir, necesitan que alguén poña no seu coñecemento os feitos a través dunha denuncia ou con atestados policiais ou partes médicos.

O xuíz ten **72 horas** para escoitar a vítima e o denunciado. Nese prazo de tempo os xuíces poden adoptar medidas cautelares para protexer a vítima ou os menores implicados, por exemplo, os seus fillos, que teñen dereito a recibir atención médica.

**Unha persoa que quere a outra nunca lle vai pegar nin a vai insultar.**

O teléfono  
de atención  
contra os  
malos tratos  
é o

**016**





## e se cometo un delito?

Os menores de **14 anos** non poden ser declarados responsables dun delito. Se tes entre **14 e 18 anos** e es acusado de cometer un, o teu caso vai ser estudado por un **xuíz de Menores**. O seu obxectivo non é tanto castigar como corrixir a túa conduta para evitar que te convertas nun delincente. A **Fiscalía de Menores** tamén velará por que se respecten os teus dereitos e a lei. Tamén hai unidades especializadas nas **Forzas e Corpos de Seguridade do Estado** que se encargan de

investigar estes delitos e tratar cos menores.

Os menores que cometen delitos non van ao cárcere, pero nos casos máis graves poden ser enviados a **centros de internamento**. Noutras ocasións, a condena pode consistir en realizar **traballos en beneficio da comunidade**.



## > quen goberna os xuíces?

O **Consello Xeral do Poder Xudicial** (CXPX) é o órgano de goberno dos xuíces. Encárgase de seleccionar e formar os xuíces, aínda que a súa función principal é protexer e garantir a súa independencia. Ademais encárgase da xestión ordinaria da Carreira Xudicial, por exemplo dos seus permisos ou dos concursos de traslado.

É importante que saibas que o Consello non é un tribunal nin exerce como tal. Tampouco pode dar ordes aos xuíces sobre o sentido das súas decisións.

O CXPX está formado por 20 vogais e por un presidente, que tamén preside o **Tribunal Supremo**. Dos 20 vogais, 12 deles son xuíces e os outros 8 son xuristas de recoñecida competencia, como avogados, fiscais, etc. Os 20 vogais son elixidos polo Congreso dos Deputados e polo Senado.

# > termos xurídicos

## acusación particular>

Persoa física ou xurídica, prexudicada polo delito, que solicita castigar o culpable.

## acción popular>

É a acción que pode exercer calquera persoa física ou xurídica para acusar, aínda que non fose prexudicada polo delito.

## investigado>

Persoa sometida a investigación durante a indagación do autor dun delito.

## procesado>

É a persoa sobre a que pesan indicios sólidos da comisión dun delito. Unha persoa é primeiro investigada e logo procesada. Non todos os investigados chegan a ser procesados.

## auto>

É un escrito oficial onde o xuíz toma unha decisión razoada que afecta a investigación e o destino do acusado.

## denuncia e querrela>

A denuncia é un relato de feitos que poden ser delito e a querrela dirixese contra unha persoa concreta.

## demandante y demandado>

O demandante é quen inicia o proceso nos asuntos civís, contencioso-administrativos e sociais. O demandado é contra quen se dirixe o procedemento.

### **instrución>**

É a fase da investigación, determinación dos feitos e identificación provisional dos responsables. A instrución é realizada por un xuíz, que é distinto do maxistrado que despois dita a sentenza.

### **custas>**

Son os gastos que se producen como consecuencia dun proceso que termina en xuízo. O xuíz pode condenar a pagar as custas; é dicir, a pagar os gastos do avogado e do procurador da parte contraria.

### **pena>**

É o castigo que impón o xuíz ao condenado polo delito cometido. Pode ser unha pena de prisión, unha pena económica ou unha pena privativa doutros dereitos, como por exemplo unha inhabilitación ou a privación do carné de conducir.

### **veredicto>**

É a parte final da sentenza, onde se enuncia a condena ou a absolución.

### **recurso>**

Medio de impugnación dunha decisión xudicial que permite a súa revisión.

### **prisión preventiva>**

Medida privativa de liberdade acordada por un xuíz antes de que haxa unha sentenza condenatoria. O tempo máximo que pode estar unha persoa en prisión preventiva en España é de catro anos. Os xuíces só poden ordenar a prisión preventiva dunha persoa se cren que pode fuxir, destruír probas ou volver delinquir.

### **sentenza>**

é a decisión do xuíz que pon fin ao proceso.





## > e se quero ser xuíz?

Para ser xuíz hai que licenciarse ou graduarse en Dereito e aprobar unhas oposicións. Despois hai que realizar un curso teórico-práctico na Escola Xudicial de Barcelona. Os que o superan reciben os seus despachos como membros da Carreira Xudicial.

As oposicións son as mesmas para ser xuíz que para ser fiscal, pero quen elixe esta última carreira non vai despois á Escola Xudicial, senón que termina a súa formación no Centro de Estudos Xurídicos que está en Madrid.

Aínda que a vía máis habitual para acceder á Carreira Xudicial é a das

oposicións, tamén hai outras vías de acceso. Os xuristas –avogados, letrados da Administración de Xustiza, fiscais, etc.- con determinados anos de exercicio profesional poden optar a ser xuíces. Tamén deberán superar unhas probas e facer un curso na Escola Xudicial.

Tes máis información sobre as oposicións en

[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)

## > sabías que...?

### a xustiza nace do pobo>

A Constitución española di que a Xustiza emana do pobo, no que reside a soberanía nacional. Iso é o que dá lexitimidade democrática aos Poderes do Estado.




### a balanza>

Representa á Xustiza, o equilibrio e a capacidade de sopesar os diferentes argumentos.



### o mazo e a campaiña>

O mazo e a campaiña son os símbolos da Xustiza máis utilizados en todo o mundo. En España o mazo e a campaiña apenas se utilizan.



## a toga>

Os xuíces españois usan togas negras. É a mesma peza que usan os avogados, fiscais etc... e simboliza a igualdade entre eles. Os xuíces diferéncianse polo escudo –prateado para xuíces e dourado para maxistrados- e as puñetas. Non todas as togas do mundo son iguais nin son negras. O vermello é a segunda cor máis utilizada.



## as puñetas>

Son os adornos que os maxistrados e os fiscais levan na manga da toga como signo da súa categoría. Os xuíces que ocupan a primeira escala da xudicatura non levan puñetas.



## “vai facer puñetas”>

Facer as puñetas era un traballo longo, lento e pesado que requiría moita atención. Aí nace a expresión “vai facer puñetas”, que se di a quen desexas ver lonxe durante moito tempo.



## > contacta connnosco

Se tes interese na información xudicial, consulta

[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)

ou síguenos en

 [@PoderJudicialEs](https://twitter.com/PoderJudicialEs)

Se necesitas máis información podes chamar á Oficina de Comunicación do Consello Xeral do Poder Xudicial ou á Oficina de Comunicación do teu Tribunal Superior de Xustiza. Os nosos teléfonos están en

[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)

# Comproba os teus coñecementos

## 1.- Para ser xuíz debo...

- Estudar Historia
- Opositar cando remato o Bacharelato
- Estudar Dereito e facer unha oposición

## 2.- Os xuíces do Civil encárganse de...

- Asuntos de familia
- Asasinatos
- Preitos contra as Administracións Públicas

## 3.- Os xuíces españois levan togas...

- Negras
- Negras con puñetas
- Negras e usan perruca

## 4.- O veredicto dunha sentenza é...

- A firma do xuíz
- Onde se enuncia a condena
- O relato dos feitos

## 5.- O Consello Xeral do Poder Xudicial...

- Dita sentenzas
- É similar ao Tribunal Supremo
- É o órgano de goberno dos xuíces

## 6.- O Tribunal do Xurado está formado por...

- 9 cidadáns
- 7 xuíces
- 9 cidadáns e un xuíz

## 7.- As custas xudiciais son...

- Unha decisión xudicial
- Os gastos que se producen como consecuencia do proceso
- Os argumentos do xuíz

## 8.- O teléfono de atención ás vítimas de malos tratos por violencia de xénero é...

- 010
- 116
- 016

 **notas**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



Handwriting practice area consisting of 20 horizontal dotted lines.







CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL  
Calle del Marqués de la Ensenada, 8  
28004 Madrid

Oficina de Comunicación del CGPJ

[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)

 @PoderJudicialEs